



A.N.P.A. "Os Valados" do CEIP Vilaverde – Mourente  
Rúa Vilaverde 9, Mourente. 36164 Pontevedra  
Web: [anpavilaverde.org](http://anpavilaverde.org)  
Tlf: 690.731.207 E-mail: [info@anpavilaverde.org](mailto:info@anpavilaverde.org)

# CIRCULAR ACTIVIDADES

---

## 1. COTA DA A.N.P.A.

O importe para o curso 2016-2017 da cota da ANPA será de **20€ por familia**. O prazo para pagar a cota rematará o **31/10/2016**. Este prazo é **improrrogable** e non se admitirán pagos fora de prazo. Nese caso a ANPA devolverá o importe. O pago do importe da cota deberá facelo mediante ingreso ou transferencia á conta do BBVA:

**ES34-0182-5151-20-0201538386**

No concepto ou observacións do ingreso ou transferencia deberá constar o motivo do ingreso e o nome e apelidos **dos nenos** (non o dos pais). Por exemplo:

Conta: 0182-5151-20-0201538386	Importe: 20€
Cota ANPA: RAFAEL E PATRICIA NADAL GÓMEZ	

Se deberá cubrir o impreso de socio con **tódolos datos** e a firma de todos os titores e entregalo no buzón da ANPA antes do 31 de outubro de 2016 xunto coa **fotocopia** do resguardo bancario de ingreso. Deberá gardar o resguardo porque é o xustificante de ter pagado a cota da ANPA para o curso 2016 - 2017.

## 2. ROUPA

Temos a vender:

- Camisetas de ximnasia: 10 €
- Gorras: 3 €
- Mandilóns de infantil: 8 €

## 3. CONTACTO COA ANPA

Para dúbidas, consultas ou calquera aviso que queirades facernos chegar:

- Na oficina da ANPA: o horario da ANPA é de 16:00 a 18:00 dende Outubro a Maio (incluídos) nos días lectivos excepto o mércores.
- Teléfono **690.731.207**: no mesmo horario que a oficina.
- Correo electrónico: [info@anpavilaverde.org](mailto:info@anpavilaverde.org)

Por outra parte podes estar ao día da información da ANPA a través das seguintes canles:

- Páxina web: [anpavilaverde.org](http://anpavilaverde.org)
- Twitter: @AnpaVilaverde
- Facebook: @ANPA.Vilaverde
- TokApp School

## 4. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

As actividades darán comezo o 01 de Outubro do 2016 e rematarán o 23 de Xuño do 2017. O formulario de solicitude deberá entregase na ANPA **antes do mércores 28 de Setembro**.

### a) Pagamento das actividades

Os meses aboaranse completos nos primeiros días do mes mediante ingreso ou transferencia á conta da ANPA no BBVA:

**ES34-0182-5151-20-0201538386**

No ingreso deberán indicar o nome e apelidos do alumno/a, actividade e mes que paga. Exemplo:

Conta: 0182-5151-20-0201538386	Importe: 12€
RAFAEL NADAL GÓMEZ. PINTURA - OUTUBRO	

Prégase que garden os recibos de pago das actividades para poder aclarar calquera dúbida que poida xurdir no pago das actividades.

**O prezo mensual de cada actividade para os non socios incrementarase en 4€.**

### b) Baixas

As baixas de calquera actividade teñen que realizarse **por escrito** mediante firma no local da ANPA no horario de apertura mínimo 10 días antes do comezo do mes da baixa. De non ser así entenderase que o neno/a segue asistindo ás clases, polo que terán que pagar o mes ou meses **completos**. No caso de actividades que se paguen por trimestres ou cuadrimestre aplicarase o mesmo (10 días antes do comezo do trimestre ou cuadrimestre)

## 5. E.D.M. DE MOURENTE “ANPA OS VALADOS”

Durante o período lectivo de outubro a xuño (incluídos) terá lugar no CEIP Vilaverde a Escola Deportiva Municipal de Mourente “ANPA Os Valados”.



É unha actividade deportiva dirixida a nenos de infantil e primaria, subvencionada polo IMD (Instituto Municipal de Deportes de Pontevedra), e o número de prazas dispoñibles é limitado.

Inclúense as seguintes actividades:

- Fútbolito: a partir de 6º de E.I. (5 anos)
- Natación (Campolongo): a partir de 5º de E.I. (4 anos)
- Predeporte: infantil
- Multideporte: primaria
- Esgrima: a partires de 6º de E.I. (5 anos)

Para apuntarse nestas actividades tedes de usar o formulario específico da EMD de Mourente



A.N.P.A. "Os Valados" do CEIP Vilaverde – Mourente  
Rúa Vilaverde 9, Mourente. 36164 Pontevedra  
Web: [anpavilaverde.org](http://anpavilaverde.org)  
Tlf: 690.731.207 E-mail: [info@anpavilaverde.org](mailto:info@anpavilaverde.org)

Se necesitas máis información non dubidedes en chamar ou pasarvos pola oficina da ANPA.

## 6. ACTIVIDADES OFERTADAS

Todas actividades necesitan para levarse a cabo un número mínimo de alumnos. No caso de que non se acade o número mínimo a actividade non se levará a cabo e darase os nenos que se apuntaron a posibilidade de apuntarse noutra actividade. As actividades ofertadas neste curso son:

### ➤ **Informática I**

Introdución á informática para nenos e nenas de educación infantil, 1º e 2º de primaria.

### ➤ **Informática II**

Informática para nenos de 3º a 6º. Aplicacións da informática para a mellora do aproveitamento escolar.

### ➤ **Futbito**

Iniciación / perfeccionamento na práctica deportiva. Dous grupos:

- Grupo A: de 5 anos ata 2º de primaria.
- Grupo B: de 3º ata 6º de primaria.

### ➤ **Natación Campolongo**

Unha sesión preferiblemente o mércores ás 16:30. Para alumnos a partires de 5º de educación infantil (4 anos)

### ➤ **Ballet**

Dirixido a nenos e nenas de calquera idade. Trátase dunha hora semanal os luns. Faranse dous grupos:

- 3,4,5 anos e 1º de primaria.
- De 2º a 6º de primaria.

### ➤ **Teatro**

Para nenos de primaria. Introdución no mundo da interpretación: Se traballan: habilidades sociais, memorización, autorrealización, expresividade oral e corporal e desenrolo da sensibilidade

### ➤ **Maxia**

Para nenos e nenas de Primaria. Taller onde os nenos construírán e aprenderán a facer trucos de maxia. Prepararán unha función para fin de curso. Impartida polo Mago Paco. Así mesmo os dous primeiros trimestres serán de aprendizaxe de técnicas, obradoiros de xogos máxicos e exercicios e o último para a creación dun espectáculo no que participarán todos @s alumn@s ó final de curso. **Inclúe o material.**

### ➤ **Xogoteca**

En cada sesión trataremos unha temática diferente (cultura, deporte, manualidades, idiomas, etc.), tratando de manter un dinamismo para que @s nen@s asistentes non perdan o interese. Así mesmo, organizaremos a sesión en varios tempos, realizando actividades guiadas e libres para fomentar a partes iguais o aprendizaxe e a imaxinación. **Inclúe o material**

### ➤ **Percusión e canto tradicional**

Primeiros pasos, ensino dos diferentes patróns rítmicos tradicionais aplicados e montaxe de sinxelas coreografías, adecuadas as diferentes idades. Iniciación nas técnicas básicas de pandeireta e outros

instrumentos de percusión tradicionais, e aprendizaxe de repertorio tradicional cantado. Grupo de iniciación e perfeccionamento (asistentes de outros anos)

➤ **Debuxo e pintura**

Para nenos a partir de 3º de primaria.

➤ **Predeporte e Multideporte**

Unha hora á semana con actividades que irán rotando: Fútbol, baloncesto, bádminton, voleibol, hockey, etc. Dous grupos, un para infantil e outro para primaria.

➤ **Preábaco, ábaco**

O uso do ábaco é unha boa forma de manter o cerebro activo e áxil e diversos estudos demostraron que desenvolve o potencial da mente máis que outros instrumentos de cálculo porque implica o uso dos dous hemisferios cerebrais. Ten unha matrícula de 20€ e inclúe o material. Nos próximos días anunciarase unha charla informativa sobre a actividade.

➤ **Zumba**

Actividade que xunta o exercicio físico, co baile. Unha forma divertida de facer deporte. Farase unha actuación no festival de fin de curso. Impartido no centro por persoal no ximnasio Suh Sport.

➤ **Esgrima**

Esgrima para nenos. Unha hora á semana. Nenos de 3º a 6º de primaria e nenos de 5 anos ata 2º primaria. Impartida polo club escola húngara de esgrima Pontevedra. Inclúe o material de esgrima (Para os pequenos sables de espuma e caretas de plástico. Para os maiores sables de plástico, caretas de metal, chaquetillas protectoras). Os alumnos deberán mercar o guante de esgrima durante o primeiro mes da actividade (16€).

Hai a posibilidade de facer unha segunda hora nas instalacións do club (pavillón do antigo maxisterio) por 4€/mes adicionais. Os horarios desta hora adicional sería o martes (18:00 – 19:00) para os pequenos e a elixir o martes ou venres (18:00 – 19:00) para os maiores.

➤ **Balonmán**

Realizada no centro. Ofertado de balde pola S.D. Teucro. Será os mércores de 16:00 a 17:00. Non temos aínda data de comezo da actividade.

## 7. OUTRAS ACTIVIDADES

Coma outros anos teredes outras actividades que non organiza directamente a ANPA, pero que ten prezos especiais para os socios. Para información ou apuntarse nas actividades, consultar coa entidade que a imparte:

- **Taekwondo e zumba:** Temos un acordo con ximnasio Suh Sport que fai prezos especiais os membros do colexio. Os interesados tedes máis información en folla anexa, e deberán pasar polo ximnasio para máis información sobre prezos e horarios.
- **Playing English:** organizado pola FANPA. Na web da FANPA ([www.nontedurmas.org](http://www.nontedurmas.org)) ou no tríptico que vos enviarán teredes máis información. No caso do Vilaverde, as clases serán os martes de xoves en dous quendas: de 16 a 17 e de 17 a 18. Para os interesados na actividade de Playing English celebrarase unha reunión o vindeiro mércores, día 21 de setembro, ás 19.00 horas na sede da FANPA.



A.N.P.A. "Os Valados" do CEIP Vilaverde – Mourente  
Rúa Vilaverde 9, Mourente. 36164 Pontevedra  
Web: [anpavilaverde.org](http://anpavilaverde.org)  
Tlf: 690.731.207 E-mail: [info@anpavilaverde.org](mailto:info@anpavilaverde.org)

- **Chinés Mandarín:** organizado pola FANPA. Para alumnos de primaria. Clases baseadas no desenvolvemento progresivo da capacidade comunicativa do estudante mediante o fomento da expresión oral e das habilidades comunicativas a través da interacción continua. Todos os programas van encamiñados á realización das probas oficiais do Instituto Confucio.
- **Programa PAE:** organizado pola FANPA. Apoio específico a nenos e nenas con NEE.
- **Actividade de ábaco para primaria e secundaria:** organizado pola FANPA.
- **Actividade "creación tecnolóxica":** organizada pola FANPA. A actividade comeza en outubro e divídese en 3 trimestres cunha temática distinta cada un. É posible matricularse nun só trimestre, en dous ou nos tres.
  - 1º TRIMESTRE (outubro a decembro). SCRATCH: CREA UN VIDEOXOGO
  - 2º TRIMESTRE (xaneiro a marzo). DESEÑA UNHA APP PARA A TÚA TABLET
  - 3º TRIMESTRE (abril a xuño). IMPRESIÓN 3D
- **Preparación dos exames da U. de Cambrigde:** organizado pola FANPA.
- **Piscina Rías del sur:** Unha sesión á semana os mércores ás 16:30. Ten un prezo de 29.73€ / trimestre. Pasar pola piscina para apuntarse.
- **Natación Budo:** teñen a posibilidade dunha hora ou dúas horas á semana. Para todo infantil e primaria. Os días son os martes (17:00), mércores (16:45), ou xoves (17:00). Máis información e inscricións no ximnasio.

## 8. HORARIOS E PREZOS

Actividade	Cursos	Día	Horario	Horas semanais	Prezo socios da ANPA
Infomática	Infantil – 2º prim.	Martes	16:00 – 17:30	1,5	15€ / mes
	3º - 6º prim.	Venres	16:00 – 17:30	1,5	
Futbito*	6ºEI – 2º prim.	Luns e xoves	16:00 – 17:00	2	20€ / trimestre (60€ ano)
	3º - 6º prim.	Luns e xoves	17:00 – 18:00	2	
Piscina Campolongo*	5º EI en adelante	Mércores (outros días consultar)	16:30 – 17:15 ou 17:15 – 18:00	0,75	25€ / cuadrimestre (50€ ano)
Ballet	Infantil – 1º prim.	Luns	16:00 – 17:00	1	12€ / mes
	2º - 6º prim.	Luns	17:00 – 18:00	1	
Teatro	Primaria	Luns	16:00 – 17:00	1	12€ / mes
Maxia	Primaria	Martes	17:00 – 18:00	1	15€ / mes
Xogoteca	Infantil	Xoves	16:00 – 17:00	1	15€ / mes
Percusión e canto tradicional	Iniciación	Luns	16:00 – 17:00	1	18€ / mes
	Perfeccionamento	Martes	16:00 – 17:00	1	
Debuxo e pintura	3º - 6º prim.	Venres	16:00 – 18:00	2	14€ /mes
Predeporte*	Infantil	Martes	16:30 – 17:30	1	8€ / mes
Multideporte*	Primaria	Martes	17:30 – 18:30	1	8€ / mes
Preábaco	Infantil	Lunes	16:00 – 17:00	1	15€ / mes (20€ matrícula)
Ábaco	Primaria	Lunes	17:00 – 18:30	1,5	22€ / mes (20€ matrícula)
Zumba	4 – 7 anos	Miércoles	16:30 – 17:30	1	12€ / mes
	7 anos en adelan.	Viernes	16:30 – 17:30	1	
Esgrima*	3º - 6º prim.	Xoves	16:00 – 17:00	1	10€ /mes (+4€ hora adic.)
	6ºEI – 2º prim.	Xoves	17:00 – 18:00	1	
Balonmán	Primaria	Mércores	16:00 – 17:00	1	0€

\* Actividades subvencionadas polo IMD incluídas na Escola Deportiva Municipal de Mourente “ANPA Os Valados”

**O PREZO PARA OS NON SOCIOS PARA CADA ACTIVIDADE TERÁ UN INCREMENTO DE 4€ POR MES.**



A.N.P.A. "Os Valados" do CEIP Vilaverde – Mourente  
Rúa Vilaverde 9, Mourente. 36164 Pontevedra  
Web: [anpavilaverde.org](http://anpavilaverde.org)  
Tlf: 690.731.207 E-mail: [info@anpavilaverde.org](mailto:info@anpavilaverde.org)

## 9. IMPRESO DE INSCRICIÓN EN ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES CURSO 2016 / 2017 (EXCEPTO ACTIVIDADES DEPORTIVAS DA E.D.M.)

Devolver cuberto antes do 28 de setembro. (Buzón da ANPA). Cubrir en maiúsculas

Alumno / a			
	Clase		Data de nacemento
Alerxias ou enfermidades a ter en conta			
Persoa de contacto	Email		
	Teléfono	Parentesco	
Persoa de contacto	Email		
	Teléfono	Parentesco	
Persoa de contacto	Email		
	Teléfono	Parentesco	
Actividades as que desexa asistir			

No caso de que non se poida iniciar algunha das actividades elixidas, indique se quere algunha outra como alternativa por orden de preferencia.

Actividades de reserva	1	
	2	
	3	

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2016

(Firma da Nai, pai ou titor)

Nome, apelidos e NIF do pai, nai ou titor:

En cumprimento da Lei Orgánica 15/1999 de 13 de Decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal (LOPD), informámoslle que coa asinamento do presente formulario vostede consente que os datos do presente formulario sexan tratados e incluídos en un ficheiro de datos de carácter persoal coa finalidade da realización das actividades solicitadas. Os datos mínimos necesarios dos participantes serán cedidos ás empresas responsables da realización da actividade solicitada. O responsable do ficheiro é a ANPA "Os Valados" do CEIP Vilaverde-Mourente, con domicilio na Rúa Vilaverde 9, 36164 Pontevedra, a cal lle garante os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dos datos facilitados, nos termos e condicións previstos na propia LOPD, mediante unha comunicación por escrito á dirección indicada coas excepcións existentes na lexislación vixente. Tamén consente que durante as actividades organizadas pola ANPA se poidan realizar fotografías dos participantes da actividade, coa posibilidade de publicalas nas páxinas web do centro ou da propia ANPA.



A.N.P.A. "Os Valados" do CEIP Vilaverde – Mourente  
Rúa Vilaverde 9, Mourente. 36164 Pontevedra  
Web: [anpavilaverde.org](http://anpavilaverde.org)  
Tlf: 690.731.207 E-mail: [info@anpavilaverde.org](mailto:info@anpavilaverde.org)



## 10. IMPRESO DE INSCRIPCIÓN NA E.D.M. DE MOURENTE "ANPA OS VALADOS" CURSO 2016/17

Devolver cuberto antes do 28 de setembro. (Buzón da ANPA). Cubrir en maiúsculas

Alumno / a			
	Clase		Data de nacemento
Alerxias ou enfermidades a ter en conta			
Persoa de contacto	Email		
	Teléfono	Parentesco	
Persoa de contacto	Email		
	Teléfono	Parentesco	
Persoa de contacto	Email		
	Teléfono	Parentesco	

Actividades da E.D.M. ás que quere asistir:

- Futbito A (pequenos)
- Futbito B (maiores)
- Predeporte (infantil)
- Multideporte (primaria)
- Esgrima (pequenos)
- Esgrima (maiores)
- Natación Campolongo

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2016

(Firma da Nai, pai ou titor)

Nome, apelidos e NIF do pai, nai ou titor

En cumprimento da Lei Orgánica 15/1999 de 13 de Decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal (LOPD), informámoslle que coa asinamento do presente formulario vostede consente que os datos do presente formulario sexan tratados e incluídos en un ficheiro de datos de carácter persoal coa finalidade da realización das actividades solicitadas. Os datos mínimos necesarios dos participantes serán cedidos ás empresas responsables da realización da actividade solicitada e ao IMD de Pontevedra. O responsable do ficheiro é a ANPA "Os Valados" do CEIP Vilaverde-Mourente, con domicilio na Rúa Vilaverde 9, 36164 Pontevedra, a cal lle garante os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dos datos facilitados, nos termos e condicións previstos na propia LOPD, mediante unha comunicación por escrito á dirección indicada coas excepcións existentes na lexislación vixente. Tamén consente que durante as actividades organizadas pola ANPA se poidan realizar fotografías dos participantes da actividade, coa posibilidade de publicalas nas páxinas web do centro ou da propia ANPA.